

María Jesús Rodríguez Gullás, Sara Fernández López, David Rodeiro Pazos

Rodeiro, D., Fernández, S., Vivel, M. y Rodríguez, M. (2013): "The creation of new technology-based firms at Spanish public research institutions: an analysis of their financial statements". *International Journal of Innovation and Learning*, Vol. 14 Nº 3/4, (405-421).

Rodríguez, M. J., Fernández, S., Rodeiro, D. y Vivel, M. (2013): "Emprendimiento tecnológico. ¿Una cuestión de género también en la universidad?", *XXIII Jornadas Hispano-Lusas de Gestión Científica*.

Shane, S. y Cable, D. (2002): "Network ties, reputation, and the financing of new ventures". *Management Science*, Vol. 48 Nº3, (364-381).

Webber, P. (2004): "Capitalization of women-owned businesses (WOBs)", en *Sustaining the Momentum: Economic Forum on Women Entrepreneurs*, Ottawa.

Dexeneroconstrucion.

Achegando a perspectiva de xénero á arquitectura e á sociedade

Novas Ferradás, María

Oficina para a Igualdade de Xénero

Universidade da Coruña

mnovas.f@email.es

RESUMO. A situación da muller arquitecta evolucionou paseniño ó longo dos anos. A porcentaxe de alumnas de arquitectura foise consolidando a partir da década dos setenta, pasando a representar algo máis da metade do estudiantado logo do ano 2007. A paridade nas escolas técnicas superiores de arquitectura, impensable ata tan só unhas décadas, é xa unha realidade, se ben este feito non se traduce nos aínda persistentes desequilibrios entre arquitectas e arquitectos.

Por outra banda, se ben a presenza e recoñecemento de mulleres estudantes, docentes e profesionais da arquitectura resulta un paso fundamental de cara á normalización da profesión, cabe salientar que isto non asegura un cambio na praxe da arquitectura. As regras do xogo seguen sendo masculinas: continuamos sendo cómplices do sistema patriarcal dominante asumindo discursos que invisibilizan e reproducen uns determinados patróns androcentristas, e isto tradúcese a hora de exercer a profesión, ó marxe de que se sexa home ou muller.

A inclusión da perspectiva de xénero no ámbito da arquitectura e do urbanismo vai máis alá da presenza da muller neste contexto, e incide transversalmente desenmascarando a suposta neutralidade na ensinanza e no exercicio da profesión.

Dexeneroconstrución é unha web 2.0 que naceu co fin de achegar a perspectiva de xénero á arquitectura e a sociedade. A divulgación, como primeiro paso para acción, é o seu principal cometido, entendéndoa como a publicación e extensión dun contido dixital de elaboración propia posto ó alcance dun público diverso e de diferentes eidos formativos. Dexeneroconstrución sérvenos ás autoras para aprender a investigar e comunicar, transmitindo e facendo comprensibles temáticas que comunmente están ausentes, facendo visible o

invisible, ó tempo que se combate o desinterese e se promove o coñecemento e a calidade de vida nunha sociedade máis igualitaria nun ámbito especializado.

PALABRAS CLAVE: páxina web, arquitectura, urbanismo, xénero, muller, igualdade

1. – Introducción

A situación da muller arquitecta evolucionou paseniño ó longo dos anos. A porcentaxe de alumnas de arquitectura foise consolidando a partir da década dos setenta, pasando a representar algo máis da metade do estudantado logo do ano 2007 en España. A paridade nas escolas técnicas superiores de arquitectura, impensable ata tan só unhas décadas, é xa unha realidade (Chías Navarro, 2013), se ben este feito non se traduce no persoal docente. Os datos amosan como, na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, de 126 ensinantes tan só 16 son mulleres arquitectas, contando con apenas representación cos postos de xestión e toma de decisións (Fernández Gago, 2013). Así o corroboran as cifras da Universidade da Coruña, que sinalan ademais como no PDI a presenza das mulleres en estudos técnicos tamén é moi baixa (17.4%) , acusando unha alta segregación vertical segundo ascendemos en xerarquía (UDC, 2012). En definitiva, se asumimos este ritmo de evolución, a representación de homes e mulleres nos ámbitos da Enxeñería e da Arquitectura tardaría décadas en chegar.

Como feito común a outras disciplinas, o número de arquitectas que exerce diminúe respecto ó que se forma. E aquí partimos dunha primeira reflexión: temos que ser conscientes é de que a menor incorporación das mulleres á práctica profesional supón unha perda de capital humano e de calidade desa práctica no medio construído. En canto ás mulleres que chegan a exercer a profesión de arquitecta, destaca como a maioría o fai por conta allea (o 65%) en oposición a maioría de homes que o fan por conta propia (o 58%), segundo apunta o III Estudio Laboral del sector de la Arquitectura levado a cabo polo Sindicato de Arquitectos (SARQ) en 2013 (Matesanz Parellada, 2014). A arquitecta é ademais unha profesional nova: na actualidade estes datos apuntan que o 70% da totalidade das arquitectas no estado español son menores de 45 anos.

Mais esta realidade laboral non é sinxela na conxuntura actual; á unha crise do mercado laboral que prexudica en maior medida ás mulleres (maiores taxas de paro e precariedade laboral) súmase a crise dun sector especialmente castigado, o da construción. A situación das mulleres profesionais da arquitectura agrávase por momentos, levando en moitos casos ó abandono da profesión. Os motivos: o treito salarial, as limitacións laborais, o sexismo e a cultura machista ou as condicións de traballo estresantes (Graft-Johnson et al., 2003), relacionados todos eles dunha maneira máis directa ou indirectamente coas desigualdades de xénero (Novas e Rivas Quareneti, 2013).

En definitiva, a pesar dos avances producidos nas últimas décadas, estes desequilibrios amosan que aínda falta camiño para acadar a igualdade efectiva entre arquitectas e arquitectos. Neste senso, se ben a presenza e recoñecemento de mulleres estudantes, docentes e profesionais da arquitectura resulta un paso fundamental de cara á normalización da profesión, cabe salientar que isto non asegura un cambio na praxe da arquitectura e o urbanismo. As regras do xogo seguen sendo masculinas (Lamarca Lapuente, 2002). En concreto, o sistema docente, continúa sendo cómplice do sistema patriarcal dominante asumindo discursos que invisibilizan e reproducen uns determinados patróns androcentristas, e isto tradúcese en consecuencia a hora de exercer a profesión, ó marxe de que se sexa home ou muller. Na teoría da arquitectura e nos seus estudos superiores, aínda resta pendente unha crítica feminista que incorpore a perspectiva de xénero e, en consecuencia, garanta o camiño cara a igualdade real no exercicio destas disciplinas. A non perpetuación de desigualdades neste ámbito require dun traballo que xa está en marcha nalgunhas universidades do estado; acadar este obxectivo, tamén en Galicia, non é máis que unha cuestión de xustiza social.

2. – Obxectivo

A inclusión da perspectiva de xénero no ámbito da arquitectura e do urbanismo vai máis alá da presenza da muller neste contexto, e incide transversalmente desenmascarando a suposta neutralidade na teoría e no exercicio da profesión. A escaseza de investigacións, publicacións e referentes neste eido pode resultar a clave da complexa situación que conleva o actual descoñecemento do factor xénero na ciencia, e en concreto, na arquitectura. Durante a historia da arquitectura, o rol masculino do arquitecto representou o canon ó que emular, máis a posta en cuestión deste suposto empregado no urbanismo a nivel teórico e práctico (Fainstein et al., 2005), deixa paso a unha nova identidade construída por e para as mulleres, que irremediabilmente deconstrúe os piares máis profundos do sistema establecido.

Neste senso, faise meritorio nomear o exemplo pioneiro de Jane Jacobs, socióloga e activista urbana cuxo pensamento reivindicativo no contexto da terceira ola do feminismo, axudou a desmontar a experiencia masculina como neutral, obxectiva, racional e universal propugnando a transformación urbana a partir das experiencia cotiás dos seus habitantes (Jacobs, 1961) incorporando a perspectiva de xénero a partir de procesos de participación cidadá. A partir deste referente, hoxe son relativamente numerosas as experiencias e colectivos que traballan neste campo e que teñen presenza na internet: *Colectiu Punt 6, La Mujer Construye, UrbanIN, Aula Eileen Gray, Agrupació Sostre, Hiria Kolektiboa...* representan interesantes exemplos a ter en conta no estado Español, pero tamén son cada vez máis visibles iniciativas internacionais como a australiana *Parlour* ou a americana *Association for Women in Architecture and Design*. *Dexeneroconstrucción* non é máis que un pequeno grao de area á sumar neste cambio que xa está acontecendo.

Dexeneroconstrucción é unha web 2.0 que naceu co fin de achegar a perspectiva de xénero á arquitectura e a sociedade. A divulgación é o seu principal cometido, entendéndoa como a

publicación e extensión dun contido dixital de elaboración propia posto ó alcance dun público diverso e de diferentes eidos formativos. Dexeneroconstrución sérvenos ás autoras -María Novas e Sofía Paleo-, para aprender a investigar e comunicar, transmitindo e facendo comprensibles temáticas que comunmente están ausentes, facendo visible o invisible, ó tempo que se combate o desinterese e se promove o coñecemento e a calidade de vida nunha sociedade máis igualitaria nun ámbito especializado.

A nosa proposta: a divulgación como primeiro paso para acción. A través da investigación, a sensibilización, a formación e finalmente, a mobilización e incidencia política, pódese fomentar unha nova cultura que promova un desenvolvemento humano máis xusto, que vaia dende o local ó global, e que sirva de base sobre a cal construír unha cidadanía na que se garanta a igualdade de oportunidades.

3. – Descrición

Dexeneroconstrución, permanentemente en obras, estrutura a información en catro pestanas principais: o *inicio* ou *blog* no que se e publican os artigos de elaboración propia, a *descrición* cunha pequena reseña que explica o proxecto en si, o apartado *publicacións* a través do cal se poden consultar máis materiais propios ou outras publicacións, e finalmente a pestana *enlaces*, na que se mapean e recopilan outras iniciativas, co fin de tecer dunha maneira máis consistente a rede na que nos atopamos inmersas.

En canto ó *blog*, este abrande temáticas orixinais e variadas, sempre tendo como fío condutor transversal o xénero, a arquitectura e o urbanismo. Dende a experiencia, englobamos os bloques temáticos en tres categorías principais: a partir da (1.) *transversalidade coa teoría da arquitectura*, tratamos de combater o nesgo androcéntrico do coñecemento a partir da *reconstrución historiográfica*, mentres que a partir da (2.) *transversalidade no deseño espacial* deconstruímos a praxe patriarcal da arquitectura e o urbanismo ben sexa no (2.1) *espazo público*, ben no (2.3) *espazo privado* -vivenda e espazos interiores-. Por último, a categoría (3.) *caixón de xastre*, engloba o resto de ideas diversas e desordenadas.

En relación ó (2.1) *deseño do espazo público* -urbanismo con perspectiva de xénero, incluso ou dereito á cidade para tódalas persoas (Collectiu Punt 6, 2012)-, quizais sexa a materia na que máis se ten avanzado ata o momento. En relación ós temas tratados no blog, nel poderíamos englobar as seguintes subcategorías, as cales en todo caso responden a unha maneira esquemática de organizar a información en comparación ás xa investigadas por Zaida Muxí nas súas *Recomendacións para la aplicación de la perspectiva de género en el urbanismo* (Muxí, 2009):

- (2.1.1.) *Mobilidade e transporte público*: comprendería asuntos tales como a pugna coa a cidade zonificada herdada do Movemento Moderno que tende a separar as distintas funcións da cidade, a maior xerarquía do vehículo privado en prexuízo do transporte pú-

blico empregado en maior medida por mulleres, a inclusión da particularidade dos desprazamentos multipropósito femininos (policorais, relacionados coa cadea de tarefas) e a mestura de usos e dotación de equipamentos de proximidade, a reintrodución da infancia na cidade a través dos camiños escolares ou dos espazos compartidos, por exemplo, etcétera.

- (2.1.2.) *Seguridade e autonomía das mulleres*: a percepción de inseguridade que restrinxe a mobilidade das mulleres en termos de tempo (non saír a determinadas horas) ou espazo (non ir a determinados lugares). A través de tres principios básicos como a visibilidade, a ruta clara ou a creación de entornos multifuncionais podemos incidir na creación de espazos máis seguros. Factores como a iluminación pública, a ordenación espacial sen barreiras e recunchos e os espazos públicos concorridos son claves, e poden contribuír a xerar espazos de convivencia xeradores de comunidade (Collectiu Punt 6, 2011) que fomenten un control social informal máis seguro en horarios de día e noite.
- (2.1.3.) *Equipamentos e servizos*: precísanse equipamentos e infraestruturas de proximidade para a «nova vida cotiá» (Sánchez de Madariaga et al. 2004). Os elementos que están a día de hoxe segregados deben integrarse nun todo temporal e espacial, e debe ser a arquitectura que recolla os espazos de interacción entre eles, integrándoos na cidade e evitando o seu illamento, promovendo unha maior cohesión social. Enténdese por «infraestruturas para a vida cotiá» ó conxunto de equipamentos que se poderían xerar nas cidades para favorecer o desenvolvemento dunha vida comunitaria máis plena: escolas, garderías, comedores públicos, centros de día, etcétera.
- (2.1.4.) *Accesibilidade universal*: a supresión de barreiras arquitectónicas en cumprimento da normativa vixente en termos de accesibilidade, resulta fundamental se o que pretendemos é favorecer a igualdade de oportunidades e autonomía de todas e todos no espazo público. Temos que ser conscientes de que tódalas persoas sufrimos en algún momento das nosas vidas «*discapacidade temporal*» ben sexa na infancia, na velez, durante o embarazo, ou mediante posibles lesións.
- (2.1.4.) *Participación cidadá*: sen dúbida unha condición necesaria para incluír a aprendizaxe, a sensibilización e a toma de conciencia crítica de tódalas persoas sobre os espazos que habitamos. O *Collectiu Punt 6* afirma como o incorporación do coñecemento das mulleres a través das súas experiencias vai en beneficio dunha planificación urbana de maior calidade (Collectiu Punt 6, 2013). Neste senso, é importante a súa metodoloxía para a incorporación das mulleres de forma activa nas transformacións urbanas do seu entorno; na súa práctica contribúese a valorar o seu traballo tanto na esfera produtiva como na reprodutiva, visibilizándoo eficazmente.

Por último, outro espazo activo de difusión de *Dexeneroconstrución* está nas redes sociais. Dende o punto de vista dun caderno de bitácora dixital, estas son entendidas como oportunida-

de. Se ben rompen coa tradicional transmisión de coñecemento, fan unha achega máis próxima, facilitan a interacción, a colaboración e a obtención de información en tempo real dunha maneira efectiva. Se o fin último segue sendo achegar a perspectiva de xénero á arquitectura e á sociedade, entendemos que dende *Dexeneroconstrución*, o obxectivo non se perde.

4. – Conclusións

Nun contexto patriarcal no que a desigualdade real entre mulleres e homes é un feito constatado, no ámbito da arquitectura, unha profesión de perfil técnico tradicionalmente masculina, a non inclusión da perspectiva de xénero conleva a perpetuación dun sistema desigual aínda a pesar da número de mulleres presente neste campo, crecente nas últimas décadas.

Neste senso, *Dexeneroconstrución* pretende ser unha ferramenta divulgativa que cubra esa ausencia da lectura de xénero que aínda existe, que fomente a interacción, a visibilización e a posta en común de contidos en aras de contribuír e consolidar e fortalecer unha rede de traballo e investigación entre xénero, arquitectura e urbanismo.

A pretensión é a de erradicar mitos, estimulando a curiosidade pola relación entre a arquitectura e o xénero e facilitando a posibilidade de ampliar contidos relacionados. Trátase de ir abrindo camiños cara a participación, democratizando o acceso á cultura grazas ás posibilidades das novas tecnoloxías, que dunha maneira plural, aberta e asequible, permiten incidir nun ámbito específico que os medios de masa ou a educación superior formal non contemplan.

Trátase de *deconstruír* baixo o ollo crítico da perspectiva de xénero unha realidade que hoxe segue sendo inxusta, para contribuír na construción dun novo mundo no que a igualdade efectiva se reflita tamén nos lugares que habitamos. En definitiva, trátase de dar un pequeno paso máis cara ese horizonte de xustiza social.

Agradecementos

A autora realizou parte de este traballo como bolseira do programa STELLA Junior, Student Internship Mobility Programme entre a Universitat Jaume I e a Universidade da Coruña.

Bibliografía

ARIAS LAURINO, Daniela (2014): "Mujeres, profesión y medios. La invisibilidad del género femenino en las revisas de arquitectura contemporáneas". En ÁLVAREZ LOMBARDEO, Nuria (ed.): *Arquitectas: Redefiniendo la profesión. 1er Congreso Internacional de Investigación en Arquitectura y Género*. Universidad de Sevilla, Sevilla (40-52).

CHÍAS NAVARRO, Pilar (2013): "Estudiantes de arquitectura ¿Un ámbito de igualdad?" en Grupo de investigación MAGA: *Arquitectas y otras profesionales: perspectivas transdisciplinares*.

Jornadas la mujer en el ámbito de la educación superior. Universidade da Coruña, A Coruña (52-61).

COLLECTIU PUNT 6 (2011): *Construyendo entornos seguros desde la perspectiva de género*. Col·leccions CIP, Barcelona.

COLLECTIU PUNT 6 (2012): *Aportaciones para la inclusión de la perspectiva de género en el urbanismo, en Estudios urbanos, género y feminismo. Teorías y experiencias*. Collectiu Punt 6, Barcelona.

COLLECTIU PUNT 6 (2013): *Dones Treballant: Guia per al Reconeixement Urbà amb Perspectiva de Gènere*. Disponible en <<http://punt6.files.wordpress.com/2011/03/dones-treballant-final-baixa.pdf>> [Consulta: 7/07/2014]

FAINSTEIN, Susan S. e SERVON, Lisa J. (2005): "The Intersections of Gender and Planning". En FAINSTEIN, Susan S. e SERVON, Lisa J. (eds): *Gender and Planning. A reader*. Rutgers University Press, New Brunswick, New Jersey and London.

GRAFT-JOHNSON, Ann; MANLEY, Sandra; GREED, Clara (2003): *Why do women leave architecture?* University of the West of England, Bristol. Disponible en <<http://www.architecture.com/files/ribaprofessionalservices/education/discussionpapers/whydowomenleavearchitecture.pdf>> [Consulta: 7/07/2014]

FERNÁNDEZ-GAGO, Paula (2012): "Evolución cuantitativa de la presencia de la mujer en la ETSAC." En Grupo de investigación MAGA: *Mujeres Arquitectas de Galicia. Jornadas mujer y arquitectura. Experiencia docente, investigadora y profesional*. Universidade da Coruña, A Coruña (65-71). Disponible en <http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/2183/9986/6/JMA_26_27_nov12_ruc.pdf> [Consulta: 7/07/2014]

JACOBS, Jane (1961). *Muerte y vida de las grandes ciudades*. Capitán Swing, Madrid, 2011.

LAMARCA LAPUENTE, Chusa (2002): "Ella para él, él para el estado y los tres para el mercado: Globalización y género". En W.AA: *Mundo global ¿Guerra global?: Los dilemas de la globalización*. Continente, Buenos Aires (37-49).

MATESANZ PARELLADA, Ángela (2014): "Arquitectas precarias. Situación laboral de las arquitectas según la III Encuesta del Sindicato de Arquitectos". En ÁLVAREZ LOMBARDEO, Nuria (ed.): *Arquitectas: Redefiniendo la profesión. 1er Congreso Internacional de Investigación en Arquitectura y Género*. Universidad de Sevilla, Sevilla (25-39).

MUXÍ, Zaida (2009): *Recomanacions per a un habitatge no jeràrquic ni androcèntric*. Institut Càtala de les Dones, Departament de Medi ambient i Habitatge. Generalitat de Catalunya, Barcelona.

NOVAS, María e RIVAS QUARENETI, Natalia (2013). "Percepción das mulleres mozas galegas profesionais da arquitectura sobre o impacto da crise no desenvolvemento da súa carreira profesional." En AGUAYO LORENZO, Eva, LÓPEZ DÍAZ, Ana Jesús e GONZÁLEZ PENÍN, Anabel (eds.): *I Xornada Universitaria Galega en Xénero. Roles de xénero en tempos de crise*. Universidade de Santiago de Compostela. Universidade da Coruña. Universidade de Vigo. (221-229).

SÁNCHEZ DE MADARIAGA, Inés; BRUSQUETAS, María; RUIZ DÁNCHEZ, Javier (2004): *Ciudades para las personas. Género y urbanismo: estado de la cuestión*. Madrid: Instituto de la Mujer.

UDC (2012): *Informe sobre o Diagnóstico da Igualdade UDC*. Universidade da Coruña, A Coruña. Disponible en: <http://www.udc.es/oficinaigualdade/plan/plan_igualdade.html?language=es> [Consulta: 7/07/2014].

A Ciencia Cierta: proyecto de visibilización de las mujeres pioneras y científicas en los espacios escolares

Vierna Fernández, Sara
Universidade da Coruña
sara@sinergiasintervencionsocial.com

Ruiz López, Melisa
Universitat de València
melisa@sinergiasintervencionsocial.com

RESUMEN. ¿Por qué no aprendemos en las escuelas los grandes logros que miles de mujeres han alcanzado para el avance de la humanidad? El currículum escolar, especialmente el formal, no refleja las conquistas y éxitos que las mujeres han conseguido a lo largo de la Historia. Su escasa presencia en los libros de texto, fundamentalmente en el campo de la Ciencia y de la Tecnología, genera una idea errónea, sesgada y parcial de quiénes fueron los protagonistas de los hechos y procesos históricos, científicos y tecnológicos más importantes para el desarrollo y el progreso de nuestra sociedad. Esta identificación del hombre como protagonista histórico, principalmente en estos campos, podría estar provocando una feminización y una masculinización de las carreras académicas y profesionales, propiciada desde la infancia por un orden simbólico minuciosamente establecido en el que impera la dominación masculina.

La aplicación por tanto de la perspectiva de género en los contenidos escolares y en el propio currículum oculto, nos permite equilibrar las relaciones desiguales de poder y desbancar al androcentrismo del puesto privilegiado que la autoridad masculina le ha otorgado.

En este texto se presenta un proyecto de investigación que pretende por un lado devolver a las mujeres pioneras, científicas y tecnólogas el espacio que les corresponde dentro de las escuelas y por tanto dentro del conocimiento global. Y por otro, visibilizar nuevos modelos femeninos referenciales para transformar las subjetividades individuales que se edifican con fuerza en la infancia y en la adolescencia.

PALABRAS CLAVE: sistema sexo-género, coeducación, ciencia, historia de las mujeres, orden simbólico